

OS COTOS



CHEGA A PASCUA CON CRISTO



CHEGA A NOSA PASCUA

Unha vez máis, un ano máis, despois de dous sen poder facelo, queremos, pola PASCUA facer a “nosa pascua”:

* Volvemos reunirnos as dez parroquias para compartir a Pascua en Os Cotos. Cristo é para todos, e que menos, que todos unímonos para celebralo. “Non queremos faltar”.

* Tamén queremos facer partícipe desta Festa da Pascua a todas as persoas das nosas parroquias, que por saúde, idade, ou outras razóns, non van poder estar con nós na festa de Os Cotos. Queremos que a Pascua chegue ás súas casas, e a través do grupo de caritas, con avisarnos, comprometémonos a levarlle “a luz e a auga” pascual.



194 Folla
informativa para
a comunidade
 cristiá


“Un contiño para vivir”**“O vello do pobo”**

Había unha vez un ancián que vivía nun pobo. Todos os habitantes evitábano, xa que tiña sempre mal humor. Os máis vellos da parroquia aseguraban que dende sempre fora así. Amargo el, escura a súa casa, e sempre descoidado o seu xardín.

O certo é que un bo día, aquel en o que o ancián celebraba nove décadas de vida, empezouse a espaxar o rumor de que o ancián estaba feliz. De súpeto a súa casa xa non estaba tan escura e o seu xardín estaba mellor coidado.

Todos os veciños decidiron achegarse para saber o que lle sucedera. O ancián recibíunos cun gran sorriso e emoción. Un do pobo, con voz tateixa, atreveuse e preguntoulle por que estaba tan feliz. A resposta do ancián foi:

“Nada en especial. Vivín noventa anos buscando a felicidade e foi inútil. Hoxe decidín deixar de buscala e amencín máis feliz que en toda a miña vida”.

Atopa as oito diferenzas e lévalle a burriña a Xesús

Domingo de Ramos

CONSELLO



**“Se os covardes que deciden as guerras
tivesen que ir loitar,
todos viviríamos en PAZ”**

“Un contiño para vivir”**“O vello do pobo”**

Había unha vez un ancián que vivía nun pobo. Todos os habitantes evitábano, xa que tiña sempre mal humor. Os máis vellos da parroquia aseguraban que dende sempre fora así. Amargo el, escura a súa casa, e sempre descoidado o seu xardín.

O certo é que un bo día, aquel en o que o ancián celebraba nove décadas de vida, empezouse a espaxar o rumor de que o ancián estaba feliz. De súpeto a súa casa xa non estaba tan escura e o seu xardín estaba mellor coidado.

Todos os veciños decidiron achegarse para saber o que lle sucedera. O ancián recibíunos cun gran sorriso e emoción. Un do pobo, con voz tateada, atreveuse e preguntoulle por que estaba tan feliz. A resposta do ancián foi:

“Nada en especial. Vivín noventa anos buscando a felicidade e foi inútil. Hoxe decidín deixar de buscala e amencín máis feliz que en toda a miña vida”.

Atopa as oito diferenzas e lévalle a burriña a Xesús

SANTO/a PARA O MES en abril, día 14, LUDIVINA

Nome de orixe xermánica. Este nome foi forzado pola etimoloxía popular a parecer unha composición de Luz e Divina, pero en realidade non ten nada que ver, pois trátase dun composto xermánico “Lidwine”, no que o primeiro elemento é hold “gloria” ou liud “pobo”, e o segundo wind “amigo”. Polo tanto Ludivina non significa luz divina, senón “amigo do pobo”.

A beata Ludivina de Schiedam, preto de La Haya (Holanda), do século X foi criticada publicamente polo párroco por negarse a casarse á idade de 15 anos. Viviu 53, corenta dos cales pasounos sufrindo polas feridas que lle deixou unha caída nun día de xeadas. A súa vida foi presentada como modélica e exemplar por Tomás de Kempis. É patroa dos enfermos e dos que sofren.

CONSELLO



**“Se os covardes que deciden as guerras
tivesen que ir loitar,
todos viviríamos en PAZ”**



Guerras activas no mundo



Guerra Civil Siria - Comezou no 2011, e ten catro faccións: réxime sirio, apoiado por Rusia, as forzas Kurdas, os grupos opositores e o grupo Estado Islámico (ISIS).

Ata o momento, a guerra civil provocou alo menos 350.000 mortos, 6,6 millóns de desprazados, dos cales 5,6 millóns están como refuxiados.

Guerra civil en Yemen – Os rebeldes levantáronse en 2015 e expulsaron o goberno de Yemen da capital. Os hutíes están apoiados por Irán. As estimacións da ONU falan de cerca de 233.000 persoas mortas en Yemen dende o inicio da guerra.



Guerra de Tigray – Etiopía entrou nunha espiral de tensións entre o goberno central e a rexión de Tigray tras a chegada do primeiro ministro Abiy Ahmed. Eritrea sumouse ás operacións, dando inicio a un conflito rexional que aínda persiste. Hai numerosas acusacións de atrocidades contra a xente de Tigray.

Guerra de Afganistán – Os talibáns tomaron o poder no 2021. Os datos da ONU indican que poden morrer de fame millóns de nenos.

Ver estas realidades fannos pensar que o mundo está en mans de persoas que só lles importa o poder e non se dan conta que o poder non serve para ter unha vida en PAZ.



Unhas palabras do Papa Francisco

Comunicado en Twitter do Papa sobre a escalada do conflito entre Ucraia e Rusia, e pide perdón.



Nunca a guerra! Pensen sobre todo nos nenos, que están privados da esperanza dunha vida digna: nenos mortos, feridos, orfos; nenos que teñen restos de guerra como xoguetes..."

" Señor Xesús, nacido baixo as bombas de Kiev, ten piedade de nós"

"Señor Xesús, enviado ao fronte aos 20 anos, ten piedade de nós"

"Señor Xesús, morto nos brazos da nai nun búnker en Jarkov, ten piedade de nós".

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE ABRIL

DÍA 3	LECTURA	Is 43, 16-21	Estou facendo algo novo, xa agroma
	EVANXEO	Xn 8, 1-11	Eu tampouco te condeno, vaite en paz
DÍA 10	LECTURA	Is 50, 4-7	Non me escondín aos golpes, El axudarame
	EVANXEO	Lc 22,14-23,56	Paixón de Xesús Cristo
DÍA 17	LECTURA	Feit 10, 34.37-43	A Cristo Xesús resucitouno Deus
	EVANXEO	Xn 20, 1-9	Entrou Xoán ao sepulcro, viu e creu
DÍA 24	LECTURA	Feit 5, 12-16	A cantidade dos crentes medraba día a día
	EVANXEO	Xn 20, 19-3	A paz sexa con vós